

**RESOLUCIÓN A RECLAMACIÓN AO BAREMO PROVISIONAL DO ALUMNADO.
MOBILIDADES ERASMUS+ 25-26**

Presentada reclamación ao Baremo provisional do alumnado, Mobilidades Erasmus+ 25-26, na que reclama contra a resolución provisional, e se solicita ***“Que se retrotraian as actuacións desta CONVOCATORIA DE MOBILIDADE ERASMUS+ EN GRUPO PARA ALUMNADO DO CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, e que se faga dando publicidade a todos os prazos e á rúbrica de corrección do Proxecto académico-artístico”.***

Acórdase o seguinte:

- 1. É primeira obriga da Dirección do CMUS Profesional de Santiago de Compostela cumprir e garantir o cumprimento da legalidade vixente, e defender os lexítimos intereses do alumnado.*
- 2. Esta Dirección entende que o proceso tivo sempre como primeiro obxectivo ser xusto, equitativo e transparente.*
- 3. Entende tamén esta dirección, que resulta imprescindible que calquera procedemento non solo sexa xusto equitativo e transparente, senón que non quede ningunha dúbida que neste non se produciu ningún vicio que poida desvirtuar o resultado neste.*

Por todo elo, unha vez consultado ao equipo Erasmus, analizada a documentación que consta no procedemento, visto que o tribunal cualificou o proxecto académico artístico outorgando unha puntuación por subapartado, e esta información non era previamente coñecida polos aspirantes, visto que o alumnado descoñecía a rúbrica de avaliación do seu proxecto académico artístico e visto que dita petición foi cursada dentro dos prazos legais.

RESOLVE



1. Solicitar ao equipo Erasmus que elabore unha rúbrica de corrección para o procedemento.
2. Retrotraer o procedemento ao momento inmediatamente anterior á elaboración do proxecto académico-artístico, dando a oportunidade a todo o alumnado participante a elaborar un novo proxecto académico-artístico, e que este sexa presentado nos prazos que se acorden e publiquen polas canles establecidas con anterioridade.

O que comunico en,

Santiago de Compostela, a 09 de xaneiro de 2026.

O director.

Asdo.: José Luis Quintas Carreira